



CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS E A ASOCIACIÓN GALLEGA DE PERSONAS TRASPLANTADAS DE MÉDULA ÓSEA Y ENFERMEDADES ONCOHEMATOLÓGICAS PARA O FOMENTO DA DOAZÓN DE PROXENITORES HEMATOPOÉTICOS E ACOMPAÑAMENTO DE PACIENTES E FAMILIARES .

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, DECLARA:

- Que o Conselleiro de Sanidade, en calidade de Presidente do Servizo Galego de Saúde e da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, formalizou o día 19 de setembro de 2025 coa Asociación Galega de Personas Trasplantadas de Médula Ósea y Enfermedades Oncohematológicas (ASOTRAME) o instrumento convencional arriba referido, que terá vixencia de catro anos a contar dende o día seguinte ao da data da súa sinatura.

- Que o instrumento convencional ten por obxecto, segundo expresa o texto do acordo:

1. Establecer as liñas xerais que rexerán a colaboración entre a ASOTRAME e o Servizo Galego de Saúde, a través da ADOS para a definición e posta en marcha de actividades de colaboración que promovan a necesidade de coñecer e actualizar o proceso de doazón de medula ósea na sociedade, o que permitiría unha maior posibilidade de transplante para os/as pacientes.

2. Establecer as bases da colaboración entre as Áreas Sanitarias e ASOTRAME para o desenvolvemento de accións conxuntas en prol do beneficio de persoas transplantadas de medula ósea ou inmersas nun proceso de cáncer hematolóxico e as súas familias.

3. Establecer as liñas que rexerán a colaboración entre a ASOTRAME e o Servizo Galego de Saúde, a través das Áreas Sanitarias para regular a actuación do voluntariado e dos profesionais de ASOTRAME nos hospitais das Áreas Sanitarias e co obxectivo de facer máis agradable e levadeira a estancia nos hospitais aos pacientes ingresados e as súas familias."

- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

- Que o instrumento convencional asinado fundaméntase, segundo o seu texto, en que:

"Coa celebración do presente convenio, búscase reforzar a colaboración entre o Sistema Público de Saúde de Galicia e ASOTRAME. Deste xeito, o presente instrumento convencional ten por vocación erixirse na ferramenta marco de colaboración que permita o desenvolvemento de actuacións posteriores partindo dunhas bases comúns.

As partes, no respectivo ámbito de actividade, están interesadas en impulsar iniciativas dirixidas á consecución de doantes de medula ósea, que permitan unha maior posibilidade de transplantes de proxenitores hematopoéticos para os/as pacientes, establecer accións

coordinadas en todos os campos de actuación en materia oncolóxica e fomentar o voluntariado nestes ámbitos.”

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria, en Santiago de Compostela.

